

Información xurídica do Centro de Información á Muller á cidadanía

A actual pandemia do COVID-19 ten feito xurdir numerosas dúbidas respecto do tratamento que merecen certas materias xurídicas durante a vixencia do estado de alarma establecido no Real Decreto 463/2020.

Unha das cuestións máis relevantes no ámbito familiar é a referente á postura que debe adoptarse respecto aos réximes de custodia compartida e visitas, respectivamente; dificultando a falta de previsión específica, tanto na normativa ordinaria como na aprobada por razón da presente crise sanitaria, a determinación dunha resposta definitiva.

Debe terse en conta que, ante todo, o espírito e finalidade destes réximes radica na protección do menor afectado e os seus intereses, tratándose dun principio básico que debe operar de maneira imperante á hora de formularse calquera tipo de consideración neste ámbito; sendo preciso anotar que, obviamente, a protección da súa saúde atópase dentro destes intereses, debéndose por especial atención na protección da mesma ao ter en conta a gravidade da situación actual. Neste sentido tense pronunciado a Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial nos recentes días, deixando clara a importancia nestes casos tanto da salvagarda da saúde do menor como da dos seus proxenitores, ademais da saúde pública en xeral.

A estes efectos, quedará primeiramente na man dos proxenitores establecer, mediante acordo común (Con recomendada constancia por escrito por razóns probatorias), as modificacións temporais que consideren pertinentes e, en ausencia deste, corresponderá aos xuíces ou maxistrados a toma de decisións na materia. En relación con isto, no tempo transcorrido dende a declaración do estado de alarma, algúns xulgados téñense pronunciado ao respecto, aínda que chegando a conclusións diferentes; sen embargo, todos

tenden a coincidir na importancia do criterio de protección da saúde mencionado con anterioridade.

Dito isto, tendo sempre carácter principal a garantía dos intereses do menor, valoraranse conxuntamente con estas diversas circunstancias ao proceder á ponderación cos posibles riscos que podería supor o traslado imposto polos réximes en cuestión. De tal maneira, serán relevantes o tempo e distancia do propio desprazamento, a duración das visitas (As que sexan de corta duración dificilmente xustificarán a exposición a perigo da saúde do menor), etc.; así mesmo, sobreenténdese que o feito de atoparse infectado polo virus un dos proxenitores será causa suficiente para proceder á alteración dos réximes.

Porén, a modificación das condicións ordinarias da custodia ou as visitas non terá que supor un corte das comunicacións entre o menor e o outro proxenitor, debéndose promover, dentro da medida do posible, o emprego de métodos alternativos mentres perdure a situación para a satisfacción dos dereitos outorgados por ditos réximes; entrando en xogo aquí, sobre todo, os medios telemáticos á disposición das partes (Chamada telefónica, vídeo chamada, etc.).

Concello de Ponteareas. Asesoría Xurídica do CIM.

Correos electrónicos: cim@ponteareas.es

antonia.yanes.sobral@ponteareas.gal